

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2013

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:07 horas do día 10 de xaneiro de 2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera (quen se ausenta durante o transcurso do punto décimo terceiro), don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora accidental:

Dona M^a Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.-Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias de data 06/09/2012, 30.10.2012, 13/12/2012 e 26/12/2012

Quedan aprobadas as actas coas seguintes rectificacións:

-Na acta de 13.12.2012: no punto 15º onde di "Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto)" debe dicir "Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto)"

-Na acta de 26.12.2012 debe consignarse a non asistencia do concelleiro don José Antonio López Rodríguez

2.-Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1284/2012 á 1293/2012

Os concelleiros danse por informados.

3.-Aprobación, se procede, da resolución do expediente de investigación da rúa Taboado, Sillobre

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Persoal, Seguridade, Servicos e Medio Ambiente por 5 votos a favor (3 do grupo do PP, 1 do grupo socialista e 1 do grupo mixto), cunha abstención do grupo do BNG:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

Examinado o expediente de investigación para determinar a propiedade do camiño sito na parroquia de Sillobre denominado rúa Taboado e que une os viais municipais Costa de Lagarteira e Ortel, da

documentación existente no expediente, unha vez realizada a actuación investigadora cos seus requisitos legais, dedúcese que o dominio pertence ao Concello de Fene, e que se trata dun camiño público, ou ben demanial.

Consta emitido informe de secretaría 322/12 de 28.12.2012 que di:

<< PRIMEIRO.-Á vista do expediente tramitado aos efectos de determinar a propiedade do camiño nomeado rúa Taboado debe sentarse o que segue:

1.- O actuado adecúase á lexislación vixente e do mesmo se conclúe que o indicado vial é ben de propiedade do Concello de Fene en base aos seguintes indicios:

- Repetidos testemuños da súa condición de público.
- Tráfico peonil e de vehículos de uso público.
- Existencia de alumeadado municipal.
- Mantemento municipal do firme dende hai alomenos un decenio
- Enlace da via con outras dúas vías de titularidade municipal
- Acceso a vivendas pola vía sen constancia de litixios ou reclamacións pola súa condición de non pública.
- Escritura pública de 1972 na que se alude ao camiño como de titularidade pública e outra de 1979 que alude a súa condición de camiño vecinal (e non serventío ou servidume).
- Existencia do camiño no rueiro municipal.

SEGUNDO.- Atendendo ao sinalado no artigo 53 do Regulamento de bens das Entidades Locais, a informante é do parecer, e así o manifesta, de que a resolución plenaria deberá ser favorable á declaración do ben como propiedade do Concello, coa calificación xurídica de ben de dominio público, ao tratarse dun camiño.

Á vista do aportado na fase probatoria do expediente, parece deducirse que o inventario actual foi confeccionado en base aos datos de catastro actual, onde o camiño consta pero non se determina a súa titularidade; non existe da investigación efectuada ningún indicio de que o camiño non sexa de titularidade municipal e non constan alegacións ou reclamacións presentadas ao respecto por parte dos afectados.

Deberase proceder á súa tasación e inclusión no inventario, así como a adopción das medidas tendentes á efectividade dos dereitos da Corporación.

Consta ao respecto emitido informe polo arquitecto técnico municipal don Evaristo Núñez García cunha descripción do ben para a súa inclusión no inventario.

TERCEIRO.-A resolución deberá ser adoptada polo Pleno, á vista dos artigos 22.2 j) LBRL e artigo 34 do RBEL, por maioría simple (art. 47.1 LBRL).

CUARTO.-O expediente de investigación tramitado foi iniciado polo pleno da Corporación de oficio, tal e como se desprende do acordo plenario de 2 de agosto de 2008. Este feito ten relevancia, porque ao iniciarse de oficio e non a través de denuncia, non foi requerido o anticipo de gastos do que fala o art. 47 do RBEL. Deste xeito, a informante tampouco considera preciso o abono do premio ou indemnización de gastos do 10 por 100 do valor de venda do ben ou da súa tasación, especificado no artigo 54 RBEL.

QUINTO.-De conformidade co artigo 55.1 RBEL, o coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten como consecuencia da investigación practicada corresponderán á xurisdicción ordinaria, agás os afectados pola resolución do expediente que poderán denunciala na vía contencioso-administrativa.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a declaración da rúa Taboado como vial de titularidade municipal e a súa inclusión no inventario de bens municipais.>>

Por todo o exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.-Declarar que a propiedade do citado ben corresponde ao Concello de Fene coa calificación xurídica de ben de dominio público, e constituíndo o mesmo un camiño público.

SEGUNDO.- Incluir o citado ben no Epígrafe Primeiro: Bens Inmóbles, Grupo 3, vías públicas, número de orde 196 do inventario de bens municipais como vía pública, procedendo á súa retificación coa seguinte descrición:

TIPO DE VÍA: RÚA
NOME DO VIAL: DO TABOADO
PARROQUIA: SILLOBRE
MUNICIPIO: FENE

ITINERARIO (NO SENTIDO CRECENTE DA NUMERACIÓN)
COMENZA EN: COSTA DA LAGARTEIRA
REMATA EN: CAMIÑO DO ORTEL

LOCALIZACIÓN NOS PLANOS:
INVENTARIO DE BENS: FOLLA Nº 026
CATASTRO HISTORICO: FOTO 10a
PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL-REVSIÓN98: FOLLA 22-74
RUEIRO: FOLLA Nº 10 (DISTRITO 1, SECCION 3)

TIPO DE FIRME: ZAHORRA
ESTADO CONSERVACIÓN: MALO
DIMENSIÓN:
LONXITUDE: 115 METROS
LARGURA MEDIA: 2,35 METROS
SUPERFICIE: 270,25 M2

SERVIZOS DISPOÑIBLES:
REDES
ABASTECIMENTO AUGA: NON
SANEAMENTO: SI (PARCIAL, SECCIÓN REDUCIDA)
VIDRO: NON
PAPEL: NON
LIXO: NON
BUS: NON
PUNTOS DE LUZ: SI (4 UD)

DESCRICIÓN:
VIAL DE ANCHO VARIABLE (ENTRE 2,20 E 2,50 METROS) CON FIRME IRREGULAR (EN DEFICIENTE ESTADO DE CONSERVACIÓN: FOCHANCAS, BARRO) E TRANSITABLE PEONIL E RODADO (CON LIMITACIÓN DE LARGURA: NON CAMIÓNS).

VALORACIÓN:
CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (5.067,18 €)

OBSERVACIÓNS:-----

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Fene, 28 de decembro de 2012
O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal>>

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.-Declarar que a propiedade do citado ben corresponde ao Concello de Fene coa calificación xurídica de ben de dominio público, e constituíndo o mesmo un camiño público.

SEGUNDO.- Incluir o citado ben no Epígrafe Primeiro: Bens Inmобles, Grupo 3, vías públicas, número de orde 196 do inventario de bens municipais como vía pública, procedendo á súa retificación coa seguinte descrición:

TIPO DE VÍA: RÚA

NOME DO VIAL: DO TABOADO

PARROQUIA: SILLOBRE

MUNICIPIO: FENE

ITINERARIO (NO SENTIDO CRECENTE DA NUMERACIÓN)

COMENZA EN: COSTA DA LAGARTEIRA

REMATA EN: CAMIÑO DO ORTEL

LOCALIZACIÓN NOS PLANOS:

INVENTARIO DE BENS: FOLLA Nº 026

CATASTRO HISTORICO: FOTO 10a

PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL-REVISIÓN98: FOLLA 22-74

RUEIRO: FOLLA Nº 10 (DISTRITO 1, SECCION 3)

TIPO DE FIRME: ZAHORRA

ESTADO CONSERVACIÓN: MALO

DIMENSIÓN:

LONXITUDE: 115 METROS

LARGURA MEDIA: 2,35 METROS

SUPERFICIE: 270,25 M2

SERVIZOS DISPOÑIBLES:

REDES

ABASTECIMENTO AUGA: NON

SANEAMENTO: SI (PARCIAL, SECCIÓN REDUCIDA)

VIDRO: NON

PAPEL: NON

LIXO: NON

BUS: NON

PUNTOS DE LUZ: SI (4 UD)

DESCRICIÓN:

VIAL DE ANCHO VARIABLE (ENTRE 2,20 E 2,50 METROS) CON FIRME IRREGULAR (EN DEFICIENTE ESTADO DE CONSERVACIÓN: FOCHANCAS, BARRO) E TRANSITABLE PEONIL E RODADO (CON LIMITACIÓN DE LARGURA: NON CAMIÓN).

VALORACIÓN:

CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (5.067,18 €)

OBSERVACIÓN:-----

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

4.-Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do expediente de transferencia de crédito 1/13

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, informada favorablemente pola intervención municipal en informe de 3.1.2013:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 1/2013

Ante a urxencia de incrementas as aplicacións orzamentarias que se relacionan na providencia de inicio do expediente, e logo de ver o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun importe de 76880.26 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2012, prorrogado.

Tendo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, e previo o dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función-área de gasto-por importe de 76880.26 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplic. Orz.minoradas

APLIC.ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
323/22700	Promoción educativa.Limpeza	30000.00
011/91312	Débeda pública. Amortización préstamo	46880.26 €
TOTAL		76880.26 €

Aplic. Orz.incrementadas

APLIC.ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
920/22700	Administración xeral.Limpeza	76880.26
TOTAL		76880.26

2º Que se poña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Fene, a 3 de decembro de 2013
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal”

De seguido fai uso da palabra o alcalde que manifesta que se trae esta proposta por urxencia coa finalidade de ter soporte económico do contrato que se está a licitar para a limpeza dos colexios.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, quen, unha vez concedido, solicita que este asunto quede sobre a mesa para podelo falar con máis calma por varios motivos.

Di que é certo que urxe regularizar isto pero tamén que hai pouca diferenza entre que se regularice este mes ou o que vén e pide que os grupos se senten a valorar a posibilidade de habilitar unha partida para contratar a veciños en desemprego a través dun Plan de emprego municipal, que non suporá un aumento do cadro de persoal pero si pode suplir parte destes traballos mediante contratacións.

Manifesta que entende que se poida publicar o prego antes de aprobar a partida, para así adiantar prazos, pero cre que antes de publicalo deberíase coñecer a opinión dos demais grupos políticos. Remata dicindo que hai outra prioridade, a limpeza das instalacións deportivas municipais, que se vén prestando dun xeito bastante ineficiente e que se debería elaborar en paralelo este outro prego.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, quen, unha vez concedido, manifesta que non está de acordo en que se dote unha partida para a externalización dun servizo público municipal e que, inda que é certo que dende hai cinco anos se

veñen contratando empresas dun xeito irregular, isto non é urxente, ademais de que houbo unha ausencia de transparencia absoluta, xa que se preguntou na Comisión Informativa de Persoal de 5 de decembro e nela díxose que se estaba a traballar nisto e logo, nove días despois, apareceu publicada a licitación no BOP.

Non ve correcto que non houbera nin o xesto de levar o prego á Comisión e engade que o seu grupo non ten disposición ningunha de asumir esta política, vendo con mellores ollos a creación dun plan de emprego cun horizonte temporal limitado co que se pode aforrar o IVE e o beneficio industrial da externalización do servizo, isto é, moitos cartos que van directamente á empresa ou as arcas de Facenda.

A continuación pide o uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Camen Martínez Rodríguez, quen, unha vez concedido, manifesta que comparte a proposta do BNG de crear un plan de emprego, que sería un xeito distinto de dinamizar a falla de emprego do Concello de Fene.

De seguido pide o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, quen, unha vez concedido, manifesta que con este prego se busca regularizar a situación do servizo e que non se deu conta na Comisión de decembro, senón na de novembro cando se preguntou pola reunión cos traballadores.

Di que con este prego só se regulariza a situación dunha empresa privada que presta servizos dende o ano 2007, cousa que foi consentida por quen gobernaba dende ese ano, e que o prego esixe ademais que se subroguen os traballadores, neste caso traballadoras, que xa están prestando os servizos, sendo todas ou case todas deste Concello.

Polo tanto, considera que a creación de emprego consistirá en que esas señoras seguirán a traballar aquí e pregunta por que uns traballadores si o outros non e como a oposición non veu nada escuro en ter unha empresa indebidamente contratada.

Remata dicindo que agora se está a sacar a licitación con transparencia, para que se presenten todas as empresas que queiran.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera que di que el, cando foi alcalde, non mandou a ninguén ao paro, que o goberno anterior tamén tivo que ir sacando as cousas pouco a pouco e que durante o seu goberno se tivo que contratar este servizo para poder ofrecelo, pois é básico e fundamental.

Engade que durante esa etapa se regularizaron varios servizos e este quedou pendente de facer e que eles, non obstante, queren que se regularice a situación, pero isto pode ser feito de diferentes formas. Di que nos dous últimos borradores de orzamentos do anterior goberno a intención do goberno e de parte da oposición era facer un plan de emprego para contratar este tipo de persoas temporalmente. Respecto do prego, di que este non foi á Comisión Informativa nin para aprobalo nin para o seu debate e que o proceso puido ser máis transparente e participativo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que manifesta que se alegra de coincidir co grupo municipal do PSOE, que o IVE hai 5 anos era do 16% e os custes salariais do persoal da Administración descendeu un 20%, polo tanto, a realidade é ben distinta respecto daqueles anos.

Prosegue dicindo que na acta da Comisión Informativa de Persoal de 5 de decembro o presidente dixo que a idea era sacar o contrato e así crear emprego e o 14 de decembro estaba publicada a licitación.

Considera que o torticeiro é que se utilicen ás traballadoras dunha empresa contratada irregularmente como arma fronte a un procedemento de contratación desta índole, no que se está falando de precarizar miseria, mentres que eles falan de pagar salarios dignos a través dunha bolsa de emprego sería, que nada ten que ver con este sistema que pretende o PP, motivo polo que anuncia que o seu grupo votará en contra da urxencia.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que ela non pode falar do ano 2007, pero dase conta de que o que se trae ao Pleno pódese dividir en dúas partes, unha primeira parte na que o equipo do goberno "se lo guisa y se lo come" e, unha segunda, que é cando se trata de aprobar os marróns para que se impliquen todos. Anuncia que vai votar en contra da urxencia.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que isto non é ningún marrón, só unha modificación de crédito.

Di que o 5 de decembro falouse disto, que ela non estaba naquela Comisión, pero que sabe que a concelleira dona Inés Roca Requeijo preguntou por isto e dixo que o BNG estaba a favor da creación dun plan de emprego, pero en novembro preguntouse pola reunión cos traballadores e contestouse que era para traballar no prego e que para sacalo terían que facer unha reubicación das traballadoras porque estaban mesturadas en todas as instalacións.

Engade que o prego non é necesario levalo á Comisión, xa que é competencia da Xunta de Goberno Local e que é certo que as circunstancias cambiaron dende o ano 2007, igual que tamén o é que a crise non empezou en maio de 2011 e que a empresa xa leva traballando irregularmente dende o ano 2007.

Respecto da intervención do voceiro do PSOE di que na Comisión de Persoal nunca preguntou polo prego da limpeza, que era o PP cando estaba na oposición quen lle preguntaba cando se ía regularizar este contrato e tamén é certo que o BNG sempre falou de facer un plan de emprego.

Remata a súa intervención dicindo que non se trata de traballo precario, que a subrogación é polas horas que traballan e, en canto ao plan de emprego, di que ninguén se opón pero que non é o mellor momento para facelo nesta situación, porque facer un plan de emprego leva un tempo e uns trámites administrativos e polo menos levaría un ano máis, durante o cal seguiríase cunha situación irregular.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que o prego fala de catro persoas cuns niveis salariais tan precarios cos que non se pode pretender xustificar este tipo de contratación.

A continuación intervén a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que di que a argumentación disto é tratar de regular unha situación irregular que leva moitos anos e conseguir un maior control da empresa que leve o contrato, xa que agora mesmo non se sabe o que se gasta en limpeza porque os produtos se mercan aparte.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día foi denegada por 6 votos a favor do grupo do PP e 11 en contra (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

5.-Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para que se modifique a Lei hipotecaria e adopción de medidas sociais para solucionar o drama dos desafiuzamentos

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

"MOCIÓN PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pón diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e personas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.

As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscritas polo BNG no Congreso dos Deputados.

De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransixente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.

O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas legislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:
 - Contemplar a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.
 - Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.
 - Contemplar moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.
 - Establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.
 - Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.
 - Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:
 - Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.
3. Instar á Xunta de Galiza á
 - Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.
 - Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.
4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.
5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:
 - Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministros básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.
 - Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.
 - No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello."

A continuación fai uso da palabra o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que, logo de dar lectura á moción, pide o voto a favor.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, quen anuncia o voto favorable e di que se trata de que o Concello aporte o seu grao de area para poñerlle freo á voracidade dos bancos e a unha situación na que os veciños están desprotexidos, máxime cando o goberno non aposta por eles senón por reflotar aos bancos.

Considera que cando se nacionalizan os bancos o lóxico é crear unha entidade pública para influir nas condicións de préstamo ou ben que se lles impoña algún tipo de criterios aos bancos para que non se repita a situación na que se está.

Prosegue dicindo que o PP vendeu que se ía modificar a Lei hipotecaria, sen que finalmente fixera nada máis que aprobar as dacións en pago e alugueres sociais con tantos requisitos que ao final ninguén se pode beneficiar.

Afirma que o Concello ten capacidade de presión sobre as entidades financeiras, xa que é un dos seus mellores clientes, e tamén pode elaborar un orzamento que poña en marcha medidas de apoio aos veciños.

Remata dicindo que a Administración e o público son máis necesarios nos momentos de crise.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen, unha vez concedido, anuncia o voto favorable e di respecto do punto 5º da moción que para EU sería importante que non quede no olvido e que nuns días se lles convocase para crear a comisión especial que se di no mesmo.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, quen manifesta que o sentir do seu partido é o mesmo, que houbo un abuso e que esta situación non se pode asumir e que non entenden por que non se insta ao goberno de España e si á Xunta de Galicia, xa que esta adoece de falla de competencia ao respecto.

Di que xa se avanzou algo, non todo o desexable, pero aínda en xaneiro a Xunta vén de aprobar unha bolsa de vivenda e considera que é pouco o poder da Alcaldía respecto dos desafuzamentos.

En canto á creación da Comisión Especial, di que non habería ningún problema para creala, pero a súa competencia sería nula e engade, respecto das axudas que, por fortuna, xa existen no Concello axudas de emerxencia social para o alugueiro e as necesidades básicas, grazas ao BNG que as creou cando gobernaba e que seguen a día de hoxe.

Respecto da actuación fronte ás entidades financeiras do Concello di que a solución non é levar as contas municipais para outras localidades nas que os mesmos bancos seguen a facer desafuzamentos, que o sistema financeiro é así. Conclúe dicindo que non pode aprobar ao cen por cento esta moción porque contempla unha serie de actividades por parte do goberno e da Xunta para as que non son competentes.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, que manifesta que a moción instan á Xunta de Galicia por unha cuestión nacional, xa que o BNG diríxese ao presidente da Xunta de Galicia como presidente dos galegos para que inste ao presidente do Estado.

Ademais di que instan á Xunta de Galicia en dous aspectos que son da súa competencia: vivenda social e asistencia de servizos sociais.

Engade que cando se insta á Alcaldía pídense medidas moi modestas e sempre que haxa casos de desafuzamentos en Fene.

Di que o BNG ten feito moito en benestar social e que as axudas que hai son susceptibles de ser melloradas, como o requisito de non poder ter un vehículo para obter unha axuda.

En relación coas entidades financeiras di que se hai interese entre as partes, os servizos sociais traballan coa suficiente confidencialidade dos datos das persoas como para tratar de traballar cara evitar os desafuzamentos e, sempre que se fala de traballar, fálase nas medidas que sexan posibles.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, que ve o último apartado do punto 5 moi razoable e anuncia que se fará na medida do posible e que van votar a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:
 - Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.
 - Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.
 - Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.
 - Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.
 - Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.
 - Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:
 - Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.
3. Instar á Xunta de Galiza á
 - Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.
 - Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.
4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.
5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:
 - Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministros básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.
 - Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.
 - No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posible e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.

6.-Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coas medidas do Concello de Fene fronte aos desafiuzamentos de veciños e veciñas

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“O Grupo Municipal do PS^{de}G-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coas MEDIDAS DO CONCELLO DE FENE FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS DE VECIÑOS E VECIÑAS, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de Fene non é alleo a este fenómeno, xa que continúan medrando cada día os casos de familias con todos os seus membros no paro, familias que ven como un dos seus maiores logros e investimentos, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida.

No procedemento xudicial hipotecario a vivenda pódase e a Lei de Enxuzamento Civil establece que, no caso de non presentarse poxadores, algo que acontece na maioría dos casos, o banco ou a entidade prestamista pode adxudicarse a vivenda polo 60% do valor da taxación. É dicir: non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se taxou ao firmar a hipoteca, senón que ademais unha boa parte da débeda mantense (unha vez descontado o valor polo que se poxou a vivenda) incrementada por grandes gastos xudiciais e honorarios profesionais. Ademais, como resultado de todo iso, aos debedores embárganselles os bens e ingresos, tanto presentes como futuros, para saldar a totalidade da débeda.

Esta lexislación, que non se aplica noutros países, era descoñecida por moitas ou a maioría das persoas cando asinaron as súas hipotecas. Así, a situación é aínda máis grave, xa que pode considerarse que os hipotecados se viron sometidos a unha publicidade enganosa, sometidos á sobrevaloración das taxacións das vivendas e tamén a unha linguaxe pouco doada de comprender nos contratos asinados.

Hoxe en día calquera non pagamento pode supoñer o vencemento anticipado de todo o que un cidadán/á adebede ás entidades financeiras. Así mesmo, nos contratos asinados cos bancos e coas antigas caixas de aforros agochábanse e agóchanse numerosas cláusulas abusivas, como as do chan e teito ou as dos intereses moratorios, que oscilan entre o 18 e o 20 por cento.

Debido a isto e a outros moitos factores, dende a Agrupación Socialista de Fene consideramos que se está a vulnerar un dos dereitos fundamentais dos cidadáns/ás, o dereito á vivenda. O artigo 47 da Constitución di que “todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada” e que “os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando o uso do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”.

A perda da vivenda vai máis aló dese feito e tamén leva consigo a perda doutros dereitos, impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar e profesional e condea en moitos casos á marxinación e exclusión social.

En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan moitos cidadáns/ás, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e por unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.

Faise necesario, polo tanto, intervir con urxencia e desde os poderes públicos ante esta dramática situación, que como todos sabemos tivo xa en varias ocasións como consecuencia a perda de vidas humanas. Unha situación que, coa duración prolongada desta crise inhumana, estase a agravar día a día.

Ao igual que están a facer xa todos os concellos gobernados polo Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE e mentres non se cambie desde os órganos estatais competentes a lexislación sobre desafiuamentos (recentemente sinalada incluso por instancias europeas como non garantista da necesaria protección eficaz dos consumidores fronte a posibles cláusulas abusivas das hipotecas) entendemos que o Concello de Fene tamén debe contribuir con medidas de ámbito municipal a evitar que se produzan máis desafiuamentos.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación legislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.
2. Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.
3. Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.
4. Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Senado.
5. Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal no Concello de Fene:
 - 5.1. Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.
 - 5.2. Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e ser refira á vivenda única e habitual.
 - 5.3. Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento, dentro dos termos legalmente previstos.
 - 5.4. Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos impulsados por elas no termo municipal de Fene e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, advertíndolles de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais depositados en ditas entidades.
 - 5.5. Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que os veciños/as así o requiran.
 - 5.6. Facultar ao Alcalde-Presidente para exercitar as accións legais que procedan en defensa dos dereitos da veciñanza de Fene.”

Inicia o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, matizando que o acordo trata de colaborar en frear este tipo de medidas inxustas, ademais de que o Concello faga presión ás entidades financeiras pero sen pretender que se poña a Policía Local e outros servizos a disposición deses procesos para incorrer en ilegalidades, senón para que os servizos que poidan axudar aos veciños, por parte do Concello, sexan postos a disposición dos veciños colaborando con eles.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción é complementaria e anuncia que van votar a

favor, felicita ao PSOE que avanzou na súa postura porque no Congreso dos Deputados non apoiaba as iniciativas dos outros partidos políticos.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que manifesta, respecto do tema dos bancos, que non se trata de levar os cartos dunha oficina dunha entidade de Fene a outra cidade, senón que se trata de cambiar de entidade financeira, que en Fene hai unha entidade que non ten feito ningún desafiuzamento e que sería cuestión de valorar isto.

A continuación intervén a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que hai un banco que non fixo ningún desafiuzamento pero que está intervido por unha entidade que é Caixanova, polo que o que non fan eles o fan os seus socios.

En relación co punto 5.2 di que lle gustaría revisalo porque non é a realidade, que a persoa que se vexa afectada terá que valerse do seu avogado e procurador, que os Servizos Sociais non poden actuar e, en canto á actuación da Policía Local, di que, se hai que intervir, deberá facerse a través dunha orde xudicial, polo que pide que se retire o punto 5.3.

En relación co punto 5.1 respecto da plusvalía di que cando unha persoa perde a súa vivenda en poxa non ten que pagar este imposto, polo que entende que este punto debe ser emendado.

De seguido intervén o concelleiro don Iván Puentes Rivera que di, respecto da Policía Local, que o punto refírese a unha actuación nos termos de legalidade previstos e que nada se pode facer se actúa como policía xudicial.

Pide que, agás neses termos legais, que nos demais non haxa iniciativa do Concello para que a Policía Local colabore con nada.

En relación cos Servizos Sociais, di que non se di que se personen ou que faga a defensa efectiva dos desafiuzados, senón que se propón colaborar, que poidan poñerse en contacto co xuíz para explicar a situación da persoa.

En relación coa plusvalía di que se é tal e como di a voceira do grupo do PP, que acepta a emenda.

Sometido o asunto emendado a votación, este foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación legislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.

2.Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

3.Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

4.Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

5.Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal no Concello de Fene:

5.1 Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e ser refira á vivenda única e habitual.

5.2 Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento, dentro dos termos legalmente previstos.

5.3 Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos impulsados por elas no termo municipal de Fene e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, advertíndolles de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais depositados en ditas entidades.

5.4 Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que os veciños/as así o requiran.

5.5 Facultar ao Alcalde-Presidente para exercer as accións legais que procedan en defensa dos dereitos da veciñanza de Fene.

7.- Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto en relación coa supresión por parte do goberno central da paga extraordinaria de Nadal aos empregados públicos

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto) e 2 abstencións do grupo municipal do PP:

“O Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa SUPRESION POR PARTE DO GOBERNO CENTRAL DA PAGA EXTRADORDINARIA DE NADAL ÓS EMPREGADOS PÚBLICOS, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

No Pleno do mes de Setembro foron debatidas dúas mocións sobre a supresión por parte do Goberno Central da paga extraordinaria de Nadal ós empregados públicos. Mocións que, a pesares de que foron aprobadas polo Pleno do Concello de Fene, por parte do Grupo de Goberno do mesmo non se fixo actuación algunha encamiñada a buscar unha solución para que dita paa poida ser abonada ós traballadores.

Os motivos polos que Esquerda Unida considera dito recorte inxusto e incluso anticonstitucional, quedaron reflectidos na moción que se presentou, no seu día, e que imos obviar nesta nova moción para centrarnos en intentar acadar un acordo que permita que os traballadores do Concello non perdan a paga extra de Nadal.

Ata de agora, as Comunidades Autónomas de Navarra, Extremadura e País Vasco, teñen decidido que os seus traballadores da Administración Pública perciban a paga extra.

Na nosa Comunidade, Galicia, moitos Concellos adoptaron tamén o acordo de abonar ós seus traballadores unha cantidade compensatoria, buscando para elo diversas formas de facelo. Así, en Pontevedra, os traballadores de dito Concello percibiron xa coa nómina de Novembro, unha cantidade compensatoria en concepto de Plus de produtividade, e para elo chegaron a un acordo coa plantilla municipal, a cal aceptou ampliar a súa xornada laboral en 16 horas a realizar a criterio dos traballadores, entres os meses de setembro e outubro.

No caso de Vigo, onde EU se puxo en contacto coa Corporación Municipal deste Concello, están a barallar o mesmo concepto de pago, o mesmo que noutros Concellos tales como Tomiño, Lugo e Carballo. Neste último, a fórmula utilizada vai a ser ir adiantando as pagas extraordinarias da seguinte forma: en xaneiro de 2013, adiantase a paga extra de xullo, e no mes de Xullo se abonaría a de Decembro. E así, ata o ano 2015, data na que o Goberno Central ten previsto que os empregados públicos poidan acceder a eses cartos agora retidos.

Outras formulas para compensar a paga, sería habilitar partidas económicas doutros capítulos do presuposto anual, xa que o Goberno Central tamán se encargou de impoñer ós

Concellos a non disposición dos cartos que supón o abono da Paga Extra. Si a estas medidas lles engadimos que os traballadores públicos teñen a obriga de cotizar por esa prestación non percibida, a perda económica no mes de Decembro á aínda maior.

De acordo con todo o exporto, o Grupo Municipal de Esquerda Unida do Concello de Fene, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- Instar ó Grupo de Goberno de Fene para que, de forma conxunta có resto da Corporación Municipal, se adopte a medida máis axeitada e que permita abonar á plantilla municipal unha cantidade compensatoria pola perda da Paga Extraordinaria de Nadal.

Fene, 30 de novembro de 2012.-

Fdo: M^a Carmen Martínez (Voceira de ESQUERDA UNIDA)“

Por parte da voceira do grupo mixto preséntase a seguinte emenda ao ditame da comisión informativa:

<< O Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta, previa votación para a súa inclusión na orde do día, unha emenda á moción sobre a SUPRESIÓN DA PAGA EXTRA DE NADAL, que será debatida no Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Entendendo, como así consta na moción, que a paga extra de nadal non pode ser abonada ós traballadores do concello como tal concepto, EU propón ó Pleno do Concello de Fene que se habilite unha partida económica en cuantía suficiente para abonar a todos e cada un dos traballadores pertencentes á plantilla do Concello de Fene, unha gratificación voluntaria, equivalente a un mes de salario e a abonar antes do 31 de Marzo do presente ano 2013.

De acordo con todo o exporto, o Grupo Municipal de Esquerda Unida do Concello de Fene, presenta a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- Instar ó Pleno do Concello de Fene para adoptar o acordo de abonar a todos e cada un dos traballadores pertencentes á plantilla do Concello, unha gratificación voluntaria cuxa cuantía sexa equivalente a un mes de salario, a abonar antes do 31 de Marzo do 2013.

2.- Instar ó Grupo de Goberno de Fene para que se habilite unha partida económica en cuantía suficiente para facer fronte ó pagamento desta gratificación voluntaria a todos os traballadores pertencentes á plantilla do Concello de Fene. >>

Sometida a emenda a votación, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, manifestando que é consciente de que non se pode pagar isto como paga extra, que como produtividade non se adapta ao Concello de Fene e que a alternativa de adianto da pago de xullo díxose que era complicada, polo que presenta a posibilidade de habilitar unha partida para o pagamento aos traballadores do equivalente a un mes de salario, proposta que fai á vista de que non hai xeito legal de compensar a paga extra.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, quen manifesta que esta moción xa foi consensuada con EU e anuncia o voto positivo do seu grupo porque consideran que aos traballadores do Concello se lle ten substraído unha parte fundamental do seu salario, un recorte próximo ao 20%, o que ve inxusto.

Considera que o Concello acaba de aforrar moitos cartos que poderían haber estado na rúa e acabar no comercio local, movendo a economía e, pola contra, están nos bancos rendándolles e que se nalgún momento é necesario que a Administración Pública solte cartos é agora, máxime cando xa foi visible o impacto negativo desta medida na campaña de Nadal.

Di que pasou o Nadal e o presidente da Xunta de Galicia manifestou que os funcionarios autonómicos podían solicitar un adianto da paga extra de xuño, o que demostra que a técnica é posible e remata solicitando ao goberno municipal que mire este asunto, que ao seu grupo a proposta de EU lles vale se é tecnicamente viable e que no Concello de Pontevedra se fixo e non houbo problema.

A continuación toma a palabra o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, quen di que se trata da terceira moción que vén neste sentido ao pleno, amosando que hai unha sensibilidade por compensar a paga extraordinaria aos traballadores e traballadoras, pero non houbo a disposición.

Di que o Real Decreto-Lei 20/2012 dicía que no ano 2012 era o ano en que se suprimía esta paga e que se destinaría a futuras aportacións a plans de pensións ou ao pagamento de seguros colectivos, declarando como non dispoñibles eses cartos.

Engade que o concello ten autonomía e competencias de autogoberno e autoxestión e que o Estado con este decreto vulnera o dereito á negociación colectiva, tachando a medida de ilegal e inconstitucional por invasión de competencias tanto no ámbito da negociación colectiva como das competencias das entidades locais.

Remata dicindo que o Estado pode poñer límites salariais pero non pode dicir en que se teñen que gastar eses cartos e que esta moción é factible se se habilitan os cartos e se respecta a estabilidade orzamentaria.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que se remite á acta de setembro cando se votou o tema en dúas mocións.

Di que non están de acordo con esta medida de supresión da paga, pero é unha medida que vén imposta con competencia estatal, independentemente da interpretación do voceiro do BNG sobre as competencias.

Engade que este é o segundo recorte que se lle dá aos funcionarios e non veu por parte da oposición, no primeiro recorte, ningún tipo de manifestación a favor ou en contra de que o goberno municipal fixera algo para paliar a perda de poder adquisitivo, sen embargo agora a oposición o pide e veu normal, pero inda que o goberno municipal ía facelo igualmente, non o pode facer xa.

Prosegue a dicir que os adiantos de nóminas son voluntarios e que para poder suplir isto será necesario arrincar o compromiso da oposición para a creación dunha partida orzamentaria no orzamento do ano 2013.

Remata propoñendo unha emenda á moción, sen cambiar o seu sentido, engadindo: "sempre que se atope unha medida legal que ampare esas medidas".

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen rexeita a emenda proposta porque a moción leva dous meses presentada sen que nese tempo se falara nada con ela ou se fixera algunha proposta na Xunta de Voceiros, senón máis ben todo o contrario: acusóuselles de irresponsables e se lles presentou un informe da Deputación Provincial no senso de que non se podía pagar en concepto de paga extraordinaria, cando iso xa o sabían.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que entende que puido haber dúbidas sobre a base legal pero non a día de hoxe, con tantos exemplos de concellos da ría que pagaron a extra de Nadal sen que pasase nada.

Respecto da proposta de negociar isto cara ao orzamento 2013 considera que é un bo intento de comprometer á oposición, pero a medida pode ser adoptada a través dunha modificación de crédito.

De seguido intervén o alcalde que acepta o dito polo voceiro do PSOE e dille que propoña dita modificación, replicando o Sr. Puentes Rivera que a paga está orzamentada, polo que non hai nin por que facer unha modificación de crédito.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, que manifesta que no ano 2010, o 29 de setembro, houbo unha folga xeral e os que están aquí participaron activamente como resposta ás medidas do goberno socialista e o BNG presentou mocións nos Concellos por aquel recorte salarial. Respecto dos adiantos, di que calquera cuestión que non sexa unha compensación explícita dunha contía semellante ou superior que se negocie, debe pasar por unha negociación cos traballadores, porque o feito de adiantar pagas xa vén regulado no convenio e é algo potestativo dos traballadores. Di, en canto á produtividade, que é algo herdado do BNG para poder axustar os salarios ao que se negociaba, pero o goberno leva un ano cunha persoa contratada para asesorar en materia laboral e non tiveron capacidade de facer unha modificación,

que no caso do persoal laboral é doado, se pacta e se fai, que no caso dos funcionarios esas produtividades terán que ser absorbidas no específico, en base a unha relación de postos de traballo e di que nun ano ben o podían ter feito. Remata dicindo que van votar a moción positivamente.

A continuación intervén a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, dicindo que os anticipos non son unha forma de paliar esta perda de poder adquisitivo porque xa son un dereito. En canto á produtividade, di que a relación de postos de traballo iniciouse precisamente para isto e que non levan un ano coa empresa, polo que pensa que van con tempo, máxime tendo presente que a que se iniciou no ano 2007 está nun caixón.

Engade que está segura de que os representantes do BNG estiveron na rúa en contra das medidas de Zapatero, pero ningún grupo pediu no Pleno tomar medidas para paliar aquela perda adquisitiva e que todos os grupos están en contra desta medida, que todos teñen que buscar unha solución legal e todos saben que este goberno está buscando unha solución. En relación co dito polo voceiro do PSOE dille que a partida da paga extra de xuño non se pode tocar segundo o dito por lei e tocar outra partida afecta ao teito de gasto, que tamén impón unha serie de directrices que hai que ter en conta. Anuncia algunha medida nos dous primeiros meses do ano.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera, quen, unha vez concedido, di que cando di que se estude a vía do anticipo da nómina é co compromiso explícito de recuperar a paga do 2012 cando sexa legalmente viable e, respecto das medidas de Zapatero, di que o seu grupo gobernaba daquela e votaron a favor da moción do BNG e mobilizáronse na rúa.

Engade que o de pedir medidas agora e non daquela se explica pola gravidade da situación e pola reiteración de medidas deste tipo aos traballadores públicos e, en relación coa RPT do ano 2007, di que chegaron a ter un documento, o que é algo máis do que fixo o actual goberno ata o día de hoxe, ademais de que ao Concello de Fene aquel documento custoulle cero euros e o actual estalle a custar un pouco máis.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, quen di que na acta de 27 de xullo de 2012 da Comisión Informativa de Persoal o señor Dopico deu conta dunha reunión dos voceiros para reunirse coa empresa asesora e avanzar un borrador da RPT, pero de momento non hai documento e considera que os traballadores poden ter problemas no caso de que ao presidente Rajoy se lle ocorra ditar algún decreto sobre as produtividades.

Di que pedir a compensación da paga dos traballadores públicos non ten nada que ver co que pasou no ano 2010, xa que entón a sociedade non o entendería e que o ano 2009 foi un ano de deflación, sen incremento de prezos, polo que a redución salarial foi moito menor que cando se fai cando hai incremento do IPC, polo que non se pode argumentar hoxe co que pasou naquel momento porque a situación é distinta e moito máis negativa.

Remata dicindo que o goberno ten a solución legal: facer unha RPT, un anexo de persoal e unha modificación de crédito.

De seguido intervén a concelleira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, manifestando que na Xunta de Voceiros fixo unha proposta no senso de que si se garantizaba que se ía mirar o tema estaría disposta a retirar a moción, que lle dixeron que non os chantaxearían e di que ela, agora, di o mesmo, que non se lle chantaxee cos orzamentos.

Sometido o asunto emendado a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

<< 1.- Instar ó Pleno do Concello de Fene para adoptar o acordo de abonar a todos e cada un dos traballadores pertencentes á plantilla do Concello, unha gratificación voluntaria cuxa cuantía sexa equivalente a un mes de salario, a abonar antes do 31 de Marzo do 2013.

2.- Instar ó Grupo de Goberno de Fene para que se habilite unha partida económica en cuantía suficiente para facer fronte ó pagamento desta gratificación voluntaria a todos os traballadores pertencentes á plantilla do Concello de Fene. >>

De seguido intervén o alcalde que di que en base ao artigo 32 do Regulamento orgánico propón o debate conxunto dos asuntos 8 e 9 da orde do día e logo a súa votación por separado.

8.-Aprobación, se procede, moción do grupo municipal do BNG sobre a posta en marcha dun parque comarcal de bombeiros

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente por 5 votos a favor (2 do grupo do BNG, 2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto), con 2 abstencións do grupo do PP:

<< MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS

Con data 29 de Agosto de 2006, asinábase un "protocolo de intencións" entre o Conselleiro da Presidencia da Xunta, o Presidente da Deputación de A Coruña e os concellos de Ferrol, Narón, Fene, Valdoviño, Neda, Ares, Moeche e Cedeira dirixido, segundo reza no seu encabezamento, á comarcalización do parque municipal de bombeiros de Ferrol.

Este protocolo – que viña precedido doutras iniciativas semellantes – tentaba fixar as liñas de actuación no camiño de converter o Parque Municipal de Bombeiros de Ferrol nun servizo de carácter comarcal para o conxunto dos concellos limítrofes; resolvendo a situación de inseguridade na que se atopaban ata o momento. Para iso, definíanse tres liñas de acción:

- Construción das intalacións dun novo parque de bombeiros.
- Dotación de novos vehículos e equipamento para o parque de Ferrol.
- Ampliación do cadro de persoal do parque de Ferrol.

Ao mesmo, fixébanse as porcentaxes de participación nos custos que suporían estas actuacións, a saber:

a) proxecto de obras das novas instalacións e dotación de equipamento

- | | |
|----------------------------|-----|
| a. Xunta de Galiza: | 40% |
| b. Deputación de A Coruña: | 40% |
| c. Concello de Ferrol: | 20% |

b) complemento salarial pola ampliación da área de intervención

- | | |
|----------------------------|-----|
| d. Xunta de Galiza: | 40% |
| e. Deputación de A Coruña: | 40% |
| f. Concello de Narón: | 20% |

c) mantemento do parque e salarios da ampliación da plantilla sobre a inicial do concello de Ferrol

- | | |
|----------------------------|-----|
| g. Xunta de Galiza: | 40% |
| h. Deputación de A Coruña: | 40% |
| i. Concello de Narón: | 20% |

A falta de desenvolvemento práctico do devandito protocolo – que non pasou nunca da reivindicación da posta en marcha do asinado no ano 2006 – levou a unha situación de feitos consumados, onde os concellos de Ferrol e Narón optan por asinar un convenio no que se definen as condicións que rexen a utilización por parte do último dos servizos do Parque Municipal de Bombeiros de Ferrol; convenio que rexe actualmente ate finais deste ano.

Mentras tanto – e no marco dese craro incumprimento do protocolo – o resto dos concellos que tiñan asinado o mesmo seguen nunha situación de descuberto no que toca aos servizos de bombeiros; sen que exista horizonte algún fixado para retomar esta proposta ou unha solución alternativa.

Unha situación que, por riba, resulta singular no marco do conxunto da provincia, onde o servizo está asumido polo "Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña" - que conta cos

parques de bombeiros máis próximos á nosa zona en Betanzos e As Pontes – e do que resulta que os concellos de Ares, Mugardos, Fene, Neda, Valdoviño, Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón quedarían fóra dun procedemento regulamentado para a extinción de incendios.

Neste contexto – na liña que sempre defendimos de iniciativas de ámbito comarcalizado - desde o BNG avogamos por unha posición activa e clara para concretar os termos do protocolo asinado hai agora máis de sete anos; fixando prazos e investimentos concretos para converter en realidade esta demanda, necesaria e urxente para o conxunto dos concellos da comarca. Para iso , propomos que o pleno do concello adopte os seguintes acordos:

- 1.- Reclamar da Xunta de Galiza e da Deputación de A Coruña o desenvolvemento práctico do protocolo asinado o 29 de Agosto de 2006 para a comarcalización do parque municipal de bombeiros de Ferrol.
- 2.- Demandar que nos orzamentos das dúas institucións para o vindeiro 2013 se concreten as cantidades necesarias para facer fronte aos compromisos económicos que se definen no devandito protocolo.
- 3.- Demandar con urxencia a constitución e reunión dunha Comisión de Seguimento – definida xa no protocolo – dirixida a supervisar a definir o cronograma de actuacións e supervisar a axeitada execución das mesmas.>>

Inica o debate o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, manifestando que no ano 2006 asinouse un protocolo de intencións para a construción dun parque de bombeiros comarcal e presentaron unha moción naquel momento porque o Concello de Ferrol non tiña intención de manter o convenio. A realidade é que existía un baleiro de competencias e non ven vontade por parte do PP de Ferrol de chegar a un acordo e propoñen que o parque de bombeiros Ferrol se ocupe desta comarca e que non se dependa do parque de bombeiros de Betanzos ou das Pontes e considera que nestes momentos, coa necesidade de compartir servizos e aforrar, é importante colaborar.

Remata dicindo que Ferrol e Narón chegaron a un acordo aínda que non no sentido da moción e propoñen que se coñeza o interese de Fene en estar cuberto por un servizo comarcal máis próximo.

Seguidamente intervén o concelleiro socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, que manifesta que a orixe do proposta do PSOE xorde da mesma problemática exposta pero se diferencia nun aspecto que para eles é fundamental, que é que a defensa do servizo comarcal, a diferenza do BNG a desvinculan do convenio asinado no ano 2006.

Afirma que aquel convenio foi pioneiro no seu momento e que había tres áreas que non se ían agrupar porque xa tiñan servizos que funcionaban na área da Coruña, pero en Ferrolterra e Santiago estancáronse.

Considera que o mapa de atención non está estruturado segundo criterios obxectivos de prestación do servizo porque o que importa é o tempo de chegada das incidencias, polo que o criterio máis aconsellable de estruturación é o criterio técnico que manexan os servizos de emerxencia, motivo polo que a súa proposta é aberta e non pechada ao definido polo convenio do 2006. Remata dicindo que están dispostos a calquera posibilidade de facer compatibles as dúas propostas.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, anunciando o voto a favor das dúas mocións.

A continuación intervén a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, dicindo que está de acordo coa creación dun parque comarcal de bombeiros por un tema de proximidade, xa que dará máis seguridade.

O voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, propón retirar o punto primeiro da moción, considerando que é o que molesta da mesma ao grupo socialista. Prosegue a dicir que se tomou como punto de partida do debate e anuncia o voto a favor da moción do PSOE.

O concelleiro Antón Lois Noceda Carballo di que o PSOE votará a favor das dúas propostas.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.- Demandar que nos orzamentos das dúas institucións para o vindeiro 2013 se concreten as cantidades necesarias para facer fronte aos compromisos económicos que se definen no devandito protocolo.

2.- Demandar con urxencia a constitución e reunión dunha Comisión de Seguimento – definida xa no protocolo – dirixida a supervisar a definir o cronograma de actuacións e supervisar a axeitada execución das mesmas.

9.-Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE sobre a comarcalización do servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente por 3 votos a favor (2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións (2 do grupo do PP e 2 do grupo do BNG):

<<A seguridade das persoas, a loita contra o lume e outras catástrofes naturais é unha das competencias irrenunciáveis que o ordenamento xurídico español atribue aos diversos niveis de goberno previstos na Constitución: locais (concellos e deputacións), autonómico e estatal.

Os gobernos de progreso en Galicia tanto na Xunta como nas deputacións e nos concellos levaron a cabo toda unha planificación legislativa e financeira baseada na colaboración interadministrativa, na eficiencia e optimización de recursos, que cristalizou, na provincia da Coruña na creación de diversos SEPEIS (Servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento).

O cambio na dirección política da Xunta, e de moitos gobernos locais fixo que na provincia da Coruña existan dous grandes espazos nos que non se chegou a levar a cabo a comarcalización dos devanditos servizos mediante a creación do correspondente SEPEIS, a saber a área de Ferrolterra e a área de Compostela.

O concello de Fene considera unha necesidade de primeiro orde prestar un servizo eficiente aos seus cidadáns que a cotío ven perigar a súa seguridade e súa vida ante os riscos existentes na sociedade moderna.

Por iso propónse que o pleno do concello de Fene adopte os seguintes acordos:

1- Que se solicite do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e das autoridades públicas competentes a urxente constitución dun SEPEIS para a nosa comarca.

2- Que Xunta e da deputación inclúan nos seus orzamentos as partidas económicas necesarias para facer fronte a esos servizos coa debida calidade e eficiencia.

3- Que o consorcio, dadas as especiais características da comarca, faga partícipes deste proceso aos xestores de polígonos, á autoridade portuaria, e a aquelas empresas que polas especiais características teñan risco de seguridade.>>

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1- Que se solicite do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e das autoridades públicas competentes a urxente constitución dun SEPEIS para a nosa comarca.

2- Que Xunta e da deputación inclúan nos seus orzamentos as partidas económicas necesarias para facer fronte a esos servizos coa debida calidade e eficiencia.

3- Que o consorcio, dadas as especiais características da comarca, faga partícipes deste proceso aos xestores de polígonos, á autoridade portuaria, e a aquelas empresas que polas especiais características teñan risco de seguridade.

10.-Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación co Regulamento específico de utilización do campo de fútbol municipal dos Pinares

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mandato municipal a colaboración entre o Concello de Fene e a Deputación da Coruña permitiu facer realidade unha vella reivindicación dos equipos de fútbol do noso municipio, a construción dun campo de fútbol municipal.

Os dous convenios económicos asinados entre Concello e Deputación, a cesión gratuíta ao Concello de Fene do campo de fútbol dos Pinares, acordada polos socios do Círculo Cultural Recreativo e Deportivo de Perlío, xunto coa imprescindible axuda e colaboración que lle brindaron ao anterior Goberno Municipal as directivas dos tres equipos de fútbol que sobreviven a día de hoxe no Concello de Fene, o Cultural Maniños, a Sociedade Deportiva Barollobre e o Círculo de Perlío, permitiron que hoxe o Concello de Fene conte nos Pinares cun campo de fútbol de herba artificial que, a criterio de técnicos e xogadores, se atopa entre os mellores da provincia; ademais duns novos e amplos vestiarios que permiten a utilización ininterrompida das instalacións durante o horario no que estas permanezan abertas.

Varios eran os obxectivos que se pretendían acadar cun equipamento deste tipo, pero entre eles podemos destacar:

- Dotar aos equipos de fútbol do concello dunhas instalacións adecuadas e actuais nas que poder programar e desenvolver comodamente os seus adestramentos e partidos, tendo en conta as necesidades de cada equipo. Contribuindo así ademais ao menor desgaste e mellor mantemento de cara á competición dos campos de herba natural.
- Crear unhas instalacións axeitadas para as escolas deportivas municipais de fútbol, que contan con numerosos nenos e nenas matriculados cada ano.
- Que o concello dispuxese, a maiores do campo grande, de dous campos de fútbol 7 de herba artificial para as escolas deportivas municipais, que ata a inauguración dos Pinares viñan utilizando o campo de area do Colexio de Centieiras. Unha instalación que, ademais de incómoda, deixara de cumprir os requirimentos necesarios para poder disputar nela a competición oficial desta categoría e cun uso que era fonte habitual de maletendidos e problemas entre o colexio e o Concello.
- Poñer a disposición dos veciños e veciñas e dos diferentes colectivos sociais de Fene un campo de fútbol de titularidade municipal que, ao igual que os pabillóns do Ramo e da Xunqueira ou a Piscina Municipal de Centieiras, puidesen alugar por horas para practicar nesta instalación un dos deportes con máis afeccionados/as na nosa vila, o fútbol.

Pese ás múltiples oportunidades sociais e económicas que unha instalación deportiva deste tipo ofrece a un concello como o noso, o Campo de Fútbol dos Pinares está claramente infrautilizado. O horario de apertura é insuficiente, a promoción e oferta do campo é inexistente, o mantemento irregular e a falta de diálogo e consenso cos usuarios á hora de distribuír os horarios de utilización é a norma.

Proba de todo iso e da pasividade do actual goberno de Fene no necesario labor de dinamizar esta importante instalación municipal é que máis dun ano e medio despois de terse aprobado na oportuna comisión informativa e dous meses despois de que o PSdeG-PSOE se interesase por este asunto en sesión plenaria, o PP segue sen levar a pleno para a súa aprobación o “Regulamento Específico de Utilización do Campo de Fútbol Municipal dos Pinares”, elaborado polo anterior Goberno Socialista de Fene e froito do diálogo e do consenso entre o Concello e os equipos de fútbol do noso municipio.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno Municipal para que na seguinte convocatoria ordinaria someta á consideración deste pleno a aprobación do "Regulamento Específico de Utilización do Campo de Fútbol Municipal dos Pinares" elaborado polo anterior Goberno Municipal de Fene e ditaminado favorablemente e por unimidade pola Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade na súa xutanza de data 30 de setembro de 2010.

2. Informar publicamente ás sociedades, colectivos deportivos e veciños/as do Concello do horario e taxas de utilización do Campo de Fútbol dos Pinares por se estiveren interesados na súa utilización.

3. Que o Goberno Municipal vele polo estrito cumprimento das tarefas de mantemento estipuladas no prego e contrato que rexen a prestación deste servizo por parte da empresa encargada do mesmo.

4. Que a concellería de Cultura e Deporte procuren sempre o acordo cos equipos de fútbol de Fene á hora de distribuír as horas de adestramento destes e demais asuntos que lles afecten, tendo en conta as necesidades e diferentes realidades de todos eles.

5. Dar traslado do texto íntegro da presente moción e do acordo correspondente aos equipos de fútbol do Círculo de Perlío, Cultural Maniños e Sociedade Deportiva Barallobre>>

Inicia o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, manifestando que coa moción buscan que se aprobe un texto que regule o uso das instalacións do campo de fútbol dos Pinares tanto para fútbol 11 como fútbol 7 e posibles alugueres.

Engade que hai elaborado un regulamento de uso dende o ano 2010, aprobado en Comisión Informativa, e que quedou pendente de traer ao Pleno debido ao volume de traballo que tiña a Secretaría municipal, sen que se puidera dar ese trámite antes da celebración das eleccións municipais.

Remata dicindo que a non aprobación do regulamento está dificultando a utilización e rendabilización do campo.

A continuación toma a palabra o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, quen manifesta que están de acordo en que se leve á Comisión Informativa e anuncia o voto positivo.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen anuncia o seu voto favorable e di que ten coñecemento de que o equipo de Barallobre só dispón de dúas horas á semana e que tampouco lle chegan as horas do campo de Maniños, polo que acaban xogando na pista de Centeiras, na que non hai boas condicións.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, quen di que esta moción presenta unha serie de puntos que xa se están a facer, que a obra non está rematada porque faltaría a iluminación e que o Concello iniciou os trámites dunha subvención que foi solicitada fóra de prazo.

En canto ao regulamento do uso, di que en outubro de 2010 foi levado á Comisión e aprobado por unimidade sen estar amparado por un informe xurídico, chamándolle a atención que fora incluído na orde do día sen dito informe, xa que, sen el, non é procedente.

Prosegue a dicir que dende que chegou ao goberno o campo de fútbol utilízano os tres equipos do Concello, que hai un equipo que non ten campo de fútbol que é o Perlío e que dende xuño de 2011 os outros dous equipos comezaron a utilizar o campo menos horas porque o Perlío ten moitos equipos.

Remata anunciando a abstención por respecto aos compañeiros presentes naquela Comisión porque quizais non vían os problemas que teñen neste momento os equipos e di que o regulamento se levará á Comisión de Cultura, que o PP votará en contra e que o tempo lles dará a razón respecto del.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que manifesta que quedou sen executar a renovación da iluminación pero o campo de fútbol ten iluminación, aínda que non é a mellor das posibles, e di que non é prioritario facer este investimento agora, que se falou coa Deputación Provincial para chegar a un convenio que non se puido tramitar pola dificultade da achega municipal.

En canto ao contido do regulamento, di que foi a Comisión sen informe xurídico para poder sacar o traballo canto antes, pero de feito non foi ao Pleno por non telo e dille ao goberno actual que tiveron un ano e medio para poder facelo e acadar este informe. Di que non son talibáns deste regulamento e que están dispostos a modificalo en todos aqueles aspectos que sexan mellorables. Prosegue a dicir que cando o campo de fútbol estivo cedido, pero sen estar feita a obra, non puido ter un uso como o que ten agora coa herba artificial porque a herba natural non aguantaba a intensidade de adestramento dos tres equipos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar ao Goberno Municipal para que na seguinte convocatoria ordinaria someta á consideración deste pleno a aprobación do "Regulamento Específico de Utilización do Campo de Fútbol Municipal dos Pinares" elaborado polo anterior Goberno Municipal de Fene e ditaminado favorablemente e por unimidade pola Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade na súa xutanza de data 30 de setembro de 2010.

2. Informar publicamente ás sociedades, colectivos deportivos e veciños/as do Concello do horario e taxas de utilización do Campo de Fútbol dos Pinares por se estiveren interesados na súa utilización.

3. Que o Goberno Municipal vele polo estrito cumprimento das tarefas de mantemento estipuladas no prego e contrato que rexen a prestación deste servizo por parte da empresa encargada do mesmo.

4. Que a concellería de Cultura e Deporte procuren sempre o acordo cos equipos de fútbol de Fene á hora de distribuír as horas de adestramento destes e demais asuntos que lles afecten, tendo en conta as necesidades e diferentes realidades de todos eles.

5. Dar traslado do texto íntegro da presente moción e do acordo correspondente aos equipos de fútbol do Círculo de Perlío, Cultural Maniños e Sociedade Deportiva Barallobre

11.-Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación co aumento das taxas xudiciais existentes e a nova inclusión das persoas físicas entre os suxeitos obrigados ao paga destas taxas

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal do BNG):

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro entrou en vigor a lei 10/2012 de 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Tras unha tramitación de vertixe no Parlamento con evidente afán de ocultación aos cidadáns, o seu contido constitúe unha mostra máis da vontade do Goberno de levar a cabo un desmantelamento dos servizos públicos esenciais, cuestionando á súa vez o exercicio efectivo dos dereitos fundamentais.

A Lei 25/1986, de 24 de decembro, de Supresión das Taxas Xudiciais, erradicou do noso ordenamento xurídico a figura da taxa xudicial, para propiciar que todos os cidadáns puidesen obter xustiza calquera que fose a súa situación económica ou a súa posición social.

Mediante a contrarreforma emprendida polo Grupo Popular, este cambio normativo tan radical prodúcese sen haberse aceptado ningunha proposta dos Grupos Parlamentarios ao longo da súa tramitación en ambas as Cámaras e contra o criterio do Grupo Socialista, ao estenderse o pago de taxas xudiciais a toda persoa natural e xurídica, así como ás ordes xurisdiccionais civil, contencioso administrativo e social.

Aínda que o Tribunal Constitucional en STC 20/2012 de 16 de febreiro de 2012 considerou constitucional a reintroducción da taxa feita pola Lei 53/2002, de 30 de decembro, tamén afirmou que "Esta conclusión xeral só podería verse modificada se se mostrase que a contía das taxas .../..., son tan elevadas que impiden na práctica o acceso á xurisdición ou o obstaculizan nun caso concreto en termos irrazonables, atendendo aos criterios da xurisprudencia expostos no fundamento xurídico 7. Con todo, a contía das taxas non debe ser excesiva, á luz das circunstancias propias de cada caso, de tal modo que impida satisfacer o contido esencial do dereito de acceso efectivo á xustiza". En consecuencia, a contía das taxas non debe impedir ou obstaculizar de xeito desproporcionado o acceso á xurisdición.

Recentemente, o Sr. Manuel Cachón Cadeas, Catedrático de Dereito Procesual da Universidade Autónoma de Barcelona, dicía que: "Se o lexislador, mediante a imposición de taxas xudiciais ou doutra forma, pon dificultades para que un cidadán que sufriu unha lesión dos seus dereitos poida acudir aos Tribunais a pedir protección, isto significa que ese lexislador está favorecendo a quen lesionou aqueles dereitos. Por iso, a existencia de taxas xudiciais fomenta a morosidade e, en xeral, o incumprimento das obrigacións. Na medida en que un sistema de taxas xudiciais dificulte a obtención de tutela xudicial, nesa mesma medida está beneficiando aos que incumpren as súas obrigacións."

O obxectivo recadatorio que persegue esta Lei é desproporcionado coa limitación do dereito de acceso á xustiza e pode converterse nun obstáculo impeditivo para a obtención de tutela xudicial efectiva.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno de España a adoptar urxentemente as medidas necesarias para excluír ás persoas físicas como suxeitos obrigados ao pago de taxas xudiciais e a garantir que ninguén vexa limitado o seu dereito de acceso á xustiza por non poder facer fronte ao pago da taxa xudicial."

Inicia o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, quen manifesta que a moción pretende protestar ante a imposición que o PP lle fai a todos os veciños con estas taxas que cren inxustas e posiblemente inconstitucionais.

Di que este acordo de incremento de taxas é establecer unha peaxe a todos para o acceso á xustiza, unha discriminación absoluta entre cidadáns que teñen ou non cartos, xa que para determinados niveis de renda o acceso á xustiza a partir de agora vai ter un prezo e, polo tanto, poderá recorrer aquel que teña cartos e aquel que teña unha renda normal pensarao dúas veces.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, quen, unha vez concedido, anuncia o voto positivo e di que as taxas é pór un novo problema á inmensa maioría da sociedade para acudir aos tribunais, que é desproporcionado e un cambio de modelo que non responde á crise, estratificando a sociedade por non ter acceso a determinados tipos de servizos que tiñan que ser universais por dereito.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, manifestando que comparten todo o dito, que isto é unha medida para disuadir a que a xente recorra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, quen di que inda, que considera á moción demagóxica porque as taxas xudiciais xa estaban instauradas, si que é certo que son abusivas, que entende que hai que ter algún tipo de limitación pero tendo en conta moitos factores.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno de España a adoptar urxentemente as medidas necesarias para excluír ás persoas físicas como suxeitos obrigados ao pago de taxas xudiciais e a garantir que ninguén vexa limitado o seu dereito de acceso á xustiza por non poder facer fronte ao pago da taxa xudicial.

12.-Mocións

O grupo socialista presenta a seguinte moción:

<<O Grupo Municipal do PS^{de}G-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa FIN DO PLAN PREPARA, DIRIXIDO ÁS PERSOAS QUE AGOTAN A SÚA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O paro é o principal problema dos españois. 2012 pechou o ano con 426.364 parados máis e 787.240 afiliados menos á Seguridade Social. A actuación do goberno agrava día a día este problema e as súas consecuencias son cada vez máis negativas para os cidadáns, cada nova previsión do goberno establece unha nova marca de parados.

Segundo os datos de afiliacións á Seguridade Social, pasamos de destruír 1.000 empregos ao día en 2011, a destruír 2.000 en 2012.

O paro sobe e a cobertura por desemprego baixou do 70% ao 63% cos últimos datos do mes de outubro. A reforma laboral, aprobada polo Goberno do PP, ao abaratar e facilitar o despedimento en tempos de crise, está a provocar unha sangría insoportable en termos de emprego.

En contra das recomendacións do Consello Europeo, os Orzamentos Xerais do Estado significaron un recorte drástico das políticas activas de emprego, especialmente as transferencias ás CCAA, con reducións de máis de 1.700 millóns de Euros, un 54%. Estes recortes levan por diante as políticas de axuda aos desempregados na súa procura de emprego, pois afectan os programas de orientación, formación e recualificación.

O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de fomento da competitividade cercena de forma descomunal a protección dos desempregados ao suprimir subsidios especiais para os maiores de 45 anos, ao elevar a idade de 52 a 55 anos, e ao expulsar da Renda Activa de Inserción a practicamente o 90% dos seus beneficiarios. Centos de miles de desempregados veranse sen protección algunha nos próximos meses.

As políticas do Goberno están a provocar a fractura social de España: máis paro, menos protección, menos dereitos, e contra toda recomendación comunitaria, menos políticas activas para favorecer a empregabilidade dos parados.

Neste contexto a continuidade do programa PREPARA tal como estaba concibido no Real Decreto-Lei 1/2011 é unha necesidade de primeira orde. Este programa mostrou longamente a súa eficacia e propiciou a mellora da empregabilidade de máis de 450.000 desempregados. Este programa apóiase nunha combinación de medidas activas de orientación, formación e recualificación á vez que facilita unha axuda de renda á persoa desempregada.

Non podemos permitir que o Plan PREPARA desapareza nas circunstancias actuais, porque é a única

fonte de subsistencia dos cidadáns que esgotan o desemprego e que non teñen máis nada que eses 400 € para poder vivir.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Co fin de garantir a transición ao emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, instamos o Goberno de España a:

Prorrogar o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, tal como foi regulado no Real Decreto-Lei 1/2011, en polo menos seis meses máis a partir do mes de febreiro de 2013.>>

Seguidamente toma a palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, quen manifesta que se reclama ao goberno a prórroga do Plan Prepara que finaliza o mes de xaneiro, vendo oportuno instar ao goberno antes de que remate o Plan.

A continuación intervén o voceiro de grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, quen manifesta que están a favor da moción e entende que hai que tentar flexibilizar o plan.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, para dicir que está de acordo coa moción.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que a moción pide que se prorrogue o Plan e que se volva ao anterior modelo do goberno de Zapatero e non ao desvirtuado Plan do actual goberno.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, manifestando que o Plan Prepara vai ter continuidade, que hai que poñer determinadas condicións para poder acceder a unha prestación.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que os límites son tantos que a xente non se pode acoller ás axudas.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente di que no Plan do goberno anterior os límites tamén eran moi amplios.

Sometida a urxenza do asunto a votación foi aprobada pola unanimidade dos concelleiros, quedando o asunto incluído na orde do día.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Co fin de garantir a transición ao emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, instamos o Goberno de España a:

Prorrogar o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, tal como foi regulado no Real Decreto-Lei 1/2011, en polo menos seis meses máis a partir do mes de febreiro de 2013.

13.-Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Sabe algo o goberno respecto do número de árbores que terán que ser cortados na Avenida Naturais? Resposta o alcalde que non se sabe, que os técnicos informarán ao respecto.
- Solicitáronse dúas subvencións dende a Área de Cultura e Deportes e quere saber en que se van investir eses cartos.
Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que deu conta das solicitudes, que na subvención de Cultura se van pedir presupostos a sete persoas e hipermercados para que presenten a mellor oferta e mercar todo o pedido xunto, xa que se trata de material electrónico, televisores, ordenadores, etc.; respecto das actividades, destinarase a sufragar parte destas e, en canto ao investimento deportivo, deuse conta na Comisión Informativa que se ía destinar a arranxar a piscina municipal.
- Respecto da rúa Santiago, na curva da farmacia, o goberno anterior pediulle á Deputación Provincial da Coruña algún elemento para a protección e redución da velocidade dos vehículos e quere saber se hai algunha novidade e se se fixo algo ao respecto.
O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que a Deputación Provincial quedou en estudar o tema, en colocar unhas bandas rugosas, pero ao Concello non lle volveron comunicar nada.
- ¿En que fase está a Relación dos Postos de Traballos? O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que haberá unha reunión para a semana na que se tratará o organigrama e o calendario laboral, di que se está traballando nas fichas individuais.
- Respecto da rúa Santiago pregunta que previsión hai para pór en funcionamento o abastecemento.
O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que a obra está recepcionada, que a Aquagest detectou que se precisan unhas válvulas de corte que non están instaladas, polo que se está estudando o xeito de podelas instalar.
- ¿Onde se fixeron os carteis da cabalgata de reis e por que inicialmente os carteis estaban en castelán? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que este ano non foi organizada polo Departamento de Cultura, xa que por vacacións se estaba baixo mínimos, que ela non viu nin un só cartel en castelán e que a organización a fixo unha sociedade e non sabe se os fixo en castelán, pero que, en todo caso, non saíron do Concello.
- ¿Por que florecen por todo o concello sinais indicativos de lugares en castelán? Resposta o alcalde que só está en castelán o sinal de Servicios Sociais, que as demais cumpren a normativa vixente.
- ¿Como se organizou o servizo de limpeza durante a ponte da Constitución? Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras dicindo que non ten constancia de ningunha incidencia e que se deu o servizo.
- Di que hai un compromiso do Concello de editar un libro de poemas de Pérez Parallé, que lle dixeron que non se respondían as chamadas e pregunta, ¿a que se debe isto e se o Concello vai editar ou non ese libro? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que se contestou aos correos electrónicos e se chamou, que o libro pódese pasar por correo electrónico pero que o autor, Pérez Parallé, ten uns dereitos e ten que haber unha cesión de ditos dereitos para poder publicar dito libro.
- ¿Cal foi o custe que tivo para o Concello a realización do certame Blanco Amor? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que lle contestará por escrito.
- Roga que se arranxe a estrada da Armada en Maniños e varios puntos en Sillobre que precisan a súa reposición e pregunta se se fixo algún tipo de xestión coa Deputación Provincial da Coruña para arranxar a estrada da Armada.
A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente di que son obras que ten que arranxar a Deputación Provincial xunto coa Xunta de Galicia, que ían comezar a finais de novembro e por motivos climatolóxicos primeiro e logo por convenio, xa que a construción para polo Nadal, aínda comezaron esta semana.
- Hai traballadores que teñen que traer medios propios das súas casas para apoiar á calefacción do Concello polo que pregunta que ocorre coa calefacción.
Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras dicindo que é certo que está parando a cotío, que non arranca polas mañás, que se fixeron varias revisións e se trata do queimador que non dá potencia dabondo e precisa dunha modificación puntual.
- ¿Cando se vai convocar a reunión dos grupos políticos cos redactores do PXOM para coñecer a súa proposta?, ¿cando se ten estimado que se traía ao Pleno dita proposta para a súa aprobación inicial?
Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que xa faláron en de reunirse o vindeiro o mércores ou o venres.

- ¿Cando se vai convocar o Consello Escolar Municipal? A concelleira dona Juana Barro Couto di que agarda que se poida convocar este mes, que faltaba Barallobre por remitir a información xa que celebrou o Consello Escolar a última semana antes das vacacións.
- ¿Tense calculado xa o novo teito de gasto? Resposta o alcalde que non está calculado porque estes días non estivo a interventora.
- Roga que a concelleira de Cultura lle dea contido ás Comisións Informativas e quéixase de que ata se negou a dar conta no que ía consistir a cabalgata de reis, pedíndolle á alcaldía que a incite.
- Roga que se revisen os sinais do Concello que hai en distintos puntos en relación cos límites parroquiais e os límites do Concello.
- No camiño do Regueiro, no límite con Neda, hai unha fochanca que leva meses sen arranxar, roga que se arranxe se é de Fene e, se é de Neda, que se faga a xestión para o seu arranxo.
- Roga que se tape unha boca de rego que hai en San Valentín tralo pavillón da Xunqueira.
- Roga que se manteñan as gabías do Concello.
- Roga que en San Valentín se tapen os tubos vermellos que quedaron á vista a consecuencia das obras que se fixeron.
- Di que a Deputación Provincial para tramitar as subvencións este ano esixe que sexan vía telemática polo que roga que a Concellería de Cultura lle facilite axuda ás entidades que están dirixidas por persoas maiores e que non dominan estes procesos.
A concelleira Rocío Aurora Bértoa Ponte di que chamou persoalmente a cada asociación para que viñeran ao Concello a tramitalas.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se faga un informe técnico sobre a ampliación do paso que se fixo nas escaleiras do Concello.
- Roga que se arranxen as baldosas das beirarrúas de Maniños, sobre todo na estrada da Palma.
- Roga que non se corten árbores sen criterio, nin por parte do municipio nin por parte doutra Administración.
- Roga que na Comisión Informativa de Cultura se informe con tempo das cousas da Concellería de Cultura.
A concelleira Rocío Aurora Bértoa Ponte di que do percorrido da cabalgata de reis se deu conta na Comisión Informativa de Cultura por parte do concelleiro de seguridade.
- Di que quere darlle os parabéns á Concellería de Cultura pola organización do Certame Blanco Amor, que estivo máis que dignamente organizado cun acto moi bo e roga que na seguinte xuntanza na que se trate o tema do Blanco Amor, entre os distintos concellos se chegue a un acordo, como se fixo coa Volta a Ría, sobre unhas bases comúns que fixen a distribución económica e compensacións se algún concello non paga.
Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte dicindo que este acordo xa existe, que o acordo do Blanco Amor tería que ter algo máis concreto como ten o convenio do Adolfo Ros, no senso de non facer o certame se non estivera feito o ingreso antes da última semana de novembro.
- Roga que se arranxe a marquesiña que hai nas Pías.
- ¿Hai algo nos orzamentos da Xunta de Galicia para o Concello de Fene?, ¿fíxose algunha xestión ao respecto?
O alcalde di que se miraron, que na vindeira Xunta de Voceiros falarán da segunda Galescola, que non hai nada respecto do IES e tampouco da auga de Magalofes do que está solicitada unha entrevista co Conselleiro. Respecto da transferencia dos centros di que é posible que se transfira xa a Xunqueira, xa que neste orzamento van 25 centros que se incorporarán á Xunta de Galicia, pero que non o sabe fixo.
- O ano pasado prometeu aos veciños de Santa Ana o arranxo da N-651 e dos chanzos da Porta do Sol e pregunta, ¿hai algo avanzado neste sentido?
O alcalde resposta, respecto dos chanzos de Porta do Sol, que se fixo unha visita naquel momento e se falou co capataz, que dende aquela non se volveu facer ningunha outra xestión.
En canto aos amaños en Santa Ana di que son actuacións do PEIM 2009 que non tiñan as autorizacións sectoriais e que, unha vez tramitadas, foron aportadas á Consellería e que esta actuación xa estaba adxudicada á empresa CONCIFA, a cal renunciou, sendo devolto o expediente a Santiago por non estar atendido. Engade que agora están tratando de rescatar rescatar os cartos e asinar o convenio.

- Respecto do campo de fútbol roga que se contesten as preguntas feitas por escrito.
- En relación con prego de limpeza das instalacións, pregunta: ¿Fixeron as labores de mantemento segundo o prego no campo de fútbol?, ¿que se fixo nos catro meses nos que Aníbal Soto traballou no campo coincidindo co contrato de Eulen?, ¿como é que Eulen facturou os mesmos servizos que facturou Aníbal Souto?
Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que contestará por escrito e que as labores que pon o prego se están a facer.
- ¿Que criterios se utilizan para o repartimento do campo de fútbol dos Pinares aos tres equipos do Concello?, ¿hai cesións do campo a terceiros?
Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que os criterios son a posta en común de todos os equipos e di que hai unha sociedade de Fene que o ten utilizado algunha vez para facer algún campionato, pero que non lle consta que o utilicen particulares.

A concelleira do grupo do BNG, dona Inés Roca Requeijo, fai o seguinte rogo:

- Rógalle ao alcalde que tome medidas respecto de determinadas intervencións da voceira do grupo municipal do PP coas que se critica o traballo da oposición, xa que teñen claro cal é o traballo que fai a oposición e considera que é o traballo que fai o goberno o que, en moitas ocasións, non está moi claro, polo que pide respecto para os concelleiros.

Seguidamente intervén o alcalde que di que non cre que a actitude deste goberno sexa tan negativa nin tan manipuladora como se pretende facer ver. A concelleira Inés Roca Requeijo pide que se tomen medidas para evitar determinadas medidas.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se lle facilite unha copia dos horarios dos equipos que usan o campo de fútbol dos Pinares.
- Roga que se lle informe sobre a suba das taxas da galescola.
- Os vestiarios do campo de fútbol presentaban varias deficiencias, como o chan dos vestiarios que se dixo que se ía botar un tratamento, ¿están feitos estes traballos?
Resposta o alcalde que se informarán de como está o asunto e se non está feito, solucionarase.
- Quere saber o custe das actividades de Reis, tanto das actividades como da cabalgata.
Resposta o alcalde que se lle contestará por escrito.
- En relación coa queixa dos veciños da praza do Perla respecto dun colector que ten a tapa rota, roga que se arranxe.
Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras dicindo que se arranxará.
- Na rúa que vai cara a imprenta había un colector de vidro que se quitou e roga que se volva colocar.
O concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras di que se levou a reparar.
- Pregunta como está o tema da limpeza das pistas polideportivas.
Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras dicindo que, aproveitando o novo persoal, se están adecentando as pistas polideportivas e parques.
- Roga que as Comisións Informativas leven contido.
- Quere sumarse ao rogo feito pola concelleira dona Inés Roca Requeijo.
- Roga que se facilite copia por escrito do custe do certame Blanco Amor.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 21:46 horas, concedendo a continuación un turno de rogos a un veciño que previamente o solicitara, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas